

PROPOSTA DE MEMORIA AMBIENTAL

ÍNDICE

1. Introducción.....	2
1.1. Equipo redactor.....	2
2. Resumo do plan.....	3
2.1. Análise dos obxectivos e criterios.....	5
2.2. A Clasificación do solo no PXOM.....	9
3. Análise do proceso de avaliación.....	15
3.1. Tramitación do procedemento ambiental.....	15
4. Análise do informe de sustentabilidade ambiental (ISA) e da súa adecuación ao plan.	17
5. Avaliación do resultado da fase de consultas.....	28
5.1. Análise do procedemento de participación pública e consultas.....	28
5.2. Exposición pública e tramitación da aprobación inicial.....	28
5.3. Análise dos resultados da participación pública dos alegantes privados ou asociacións privadas e integración dos resultados.....	28
5.4. Análise dos resultados da participación pública das administracións públicas e integración dos resultados.....	30

1. INTRODUCCIÓN.

O presente borrador da MEMORIA AMBIENTAL do proceso de Avaliación Ambiental estratéxica do PXOM de Vilaboa redáctase de acordo co previsto pola lexislación ambiental vixente.

A memoria ambiental é preceptiva e debe terse en conta no Plan antes da súa aprobación definitiva, contendo as determinacións finais que deban incorporarse á proposta do Plan.

A estrutura deste documento adaptase a que a Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental ten colgado na súa páxina web como referencia para a súa redacción.

1.1. Equipo redactor.

O presente documento redactouse por un equipo da empresa Consultora Galega S.L. no que participaron os seguintes profesionais:

- Xoán C. PORTELA REGODESEVES, Arquitecto.
- Alfonso BAR BLANCO, Biólogo.
- Patricia VILLOT CAMESELLE, Bióloga.
- Miguel A. BARREIRO GARCÍA, Xeógrafo.

En Pontevedra, xuño do 2015.

Polo Equipo Redactor:

Asdo. Xoán Carlos Portela Regodeseves

2.RESUMO DO PLAN.

O termo municipal de Vilaboa abarca unha superficie de 36,90 km² nos que se distribúen 5.972 habitantes no 2014, segundo o padrón municipal. Sitúase na zona media occidental da provincia de Pontevedra, ao suroeste de Galicia; conta cun longo e recortado litoral bañado polo Atlántico, que abrangue a metade occidental da enseada de San Simón que configura o fondo da Ría de Vigo, integrada nas Rias Baixas.

Vilaboa ocupa, con Marín, a posición máis oriental da comarca natural do Morrazo, na que se asenta. Limita ao norte e ao leste co Concello de Pontevedra, ao oeste cos concellos de Marín e Moaña e ao sueste coa Enseada de San Simón, na ría de Vigo.

Xunto con Pontevedra, Barro, Campo Lameiro, Cotobade, A Lama, Poio e Ponte Caldelas conforma a comarca de Pontevedra, que ocupa unha extensión de 624 km², no centro da provincia homónima e que conta con case o 13% da poboación provincial.

A configuración topográfica de Vilaboa ascende dende o nivel do mar ata alcanzar as máximas alturas na serra de Domaio. A Depresión Meridiana que atravesa Galicia de norte a sur determina polo norte do concello a súa morfoloxía, sendo a zona elixida polas principais vías de comunicación norte-sur de Galicia para atravesar este territorio.

En xeral pódese dicir que se trata dun territorio bastante accidentado, con ladeiras de fortes pendentes e unha topografía chaira en partes dos vales da franxa litoral. Así pois, no territorio diferéncianse os montes da serra de Domaio e as fértiles terras ribeiregas percorridas polos cursos de auga que forman vales de pronunciada pendente no nacemento e moito máis abertos nas partes baixas.

Como espazos naturais destaca o LIC-ZPVN da "Enseada de San Simón", que presenta unha ampla diversidade de hábitats e endemismos ibéricos. Ademais destas proteccións incluídas na Rede Galega de Espazos Protexidos, no territorio atópamos elementos xeomorfolóxicos, botánicos e faunísticos con valores naturais e que son identificados por outros inventarios, estudos e traballos de campo, para que poidan ser valorados, estando a maioría destes hábitats ou ambientes integrados nas figuras que protexen aos espazos naturais de valor.

Móstrase a continuación unha relación das referencias máis importantes sobre espazos singulares de valor natural:

Catálogo	Código	Denominación do espazo
LEI DE CONSERVACIÓN DA NATUREZA E DIRECTIVA HÁBITATS (ZEPVN-LIC)	<i>ES 1140016</i>	<i>Enseada de San Simón</i>
CATÁLOGO DO INVENTARIO DOS HUMIDAIS DE GALICIA	<i>1140060</i>	<i>Complexo Húmido de San Simón</i>

Catálogo	Código	Denominación do espazo
Habitats relacionados co INVENTARIO NACIONAL DE HÁBITATS	91EO*	Bosques aluviais de <i>Alnus glutinosa</i> e <i>Fraxinus excelsior</i>
	1310	Vexetación anual pioneira con Salicornia e outras especies de zonas lamacentas ou areosas
	1320	Pasteiros de <i>Spartina</i>
	1330	Pasteiros salinos atlánticos (<i>Glauco-Puccinellietalia maritima</i>)
	3150	Lagos eutróficos naturais con vexetación <i>Magnopotamion</i> ou <i>Hydrocharition</i>
	4020	Uceiras húmidas atlánticas de zonas mornas e <i>Erica ciliaris</i> e <i>Erica tretalix</i>
	4030	Uceiras secas europeas
	4090	Uceiras oromediterráneas endémicas con toxo
	8230	Rochedos silíceos con vexetación pioneira do <i>Sedo-Scleranthion</i> ou do <i>Sedo albi-Veronicion dillenii</i>
	9230	Carballeiras galaico-portuguesas con <i>Quercus robur</i> e <i>Quercus pyrenaica</i> Pradeiras de <i>Zostera</i>

*Habitat prioritario

Existen no Concello numerosos xacementos arqueolóxicos desde o Neolítico ata Idade de Ferro, destacando os xacementos de Chan da Cruz e Chan de Castiñeiras, restos cerámicos do Calcolítico, petróglifos como os do Outeiro das Laxes ou o Outeiro dos Asubións, ou Castros como o do Monte da Croa e o do Coto do Loureiro. En Vilaboa tamén é perceptible a pegada romana ao longo do viario que, moi posiblemente, atravesou o actual concello en sentido norte-sur: a vía principal que unía Tude (Tui) con Iria Flavia (Padrón). Fieis testemuños deste tempo son os miliarios atopados a principios do século XIX (1806) no lugar de Paredes (S. Martiño de Vilaboa) coincidindo coa construción da estrada entre Ponte Valga e Pontesampaio.

Vilaboa ten hoxe en día un 28,45 % máis de poboación que en 1910. Esta poboación ten experimentado un crecemento lento e progresivo ata 1970 (18% en 60 anos). Nos seguintes trinta anos a demografía oscila, experimentando un forte crecemento na década dos 70 (11% en tan só 10 anos), un certo retroceso na década dos oitenta e un estancamento do retroceso na década dos noventa. Co comezo do século XXI, asistimos a unha nova recuperación demográfica que de novo se estanca a finais da primeira década.

A análise do sistema produtivo do concello de Vilaboa non fixo máis que remarcar a paulatina inserción da comarca na dinámica económica de índole metropolitana, e que parte dunha localización estratéxica na franxa litoral do eixe atlántico, asociada a Área Funcional de Vigo. **A súa condición litoral e fluvial, o seu clima benigno, a súa orografía e a súa proximidade ao eixe industrial Vigo-Porriño son, sen dúbida, factores estruturantes da súa vida económica pasada e presente.**

A economía diversifícase, e mentres as actividades agropecuarias de subsistencia tenden a desaparecer, os sectores industrial, pesqueiro e sobre todo terciario atópanse en constante crecemento.

O mar segue a dar sustento a moitas familias do concello, ben polas persoas que se dedican ao marisqueo directo, aproximadamente 90 mariscadores pertencentes á Cofradía Pedra da Oliveira, como as que se dedican á elaboración de conservas de peixe e marisco, que poden

superar as 230 persoas entre manufactura, almacén e oficinas. Na súa maioría trátase de postos de traballo ocupados principalmente por mulleres.

Conta con dous portos competencia da Comunidade Autónoma de Galicia, o de Santa Cristina e o de San Adrián (este último ademais de pesqueiro tamén alberga o porto deportivo do concello, dependente da Autoridade Portuario de Vigo).

A poboación concéntrase, principalmente na banda litoral (3 das 5 parroquias son costeiras) o que supón un 74 % da poboación, con densidades comprendidas entre os 135 hab./Km² de Figueirido e os 166 hab./Km² de Vilaboa (a parroquia onde está situada a capitalidade municipal, Toural). Ofrece coma característica xeral unha grande homoxeneidade distributiva da poboación cunha variación máxima do 13 % respecto da densidade media municipal (155,5 hab./Km²), cifra insignificante respecto das habituais variacións de densidade no territorio galego.

No tocante ao parque de vivendas cómpre destacar a elevada porcentaxe de vivenda principal que existe no Concello, case o 80% do parque total, cifra que parece alta tratándose dun concello costeiro.

As principais vías de comunicación que percorren o concello son a Autoestrada AP-9, as estradas nacionais N-550 e N-554 e a liña do Tren de Alta Velocidade (A Coruña-Vigo).

Os riscos naturais céntranse principalmente no risco de incendio forestal, risco de inundación, risco de erosión e degradación de solos e riscos de desprendementos de material rochoso. Segundo a Orde de 18 de abril de 2007 pola que se zonifica o territorio con base ao risco especial de incendio forestal, o Concello de Vilaboa atópase na súa totalidade dentro da zona de alto risco de incendios forestais.

Atópase en proceso de tramitación o plan sectorial eólico denominado PEDRAS NEGRAS, que está a xerar certa controversia entre a poboación vilaboesa.

2.1. Análise dos obxectivos e criterios.

O Plan Xeral de Ordenación Municipal de Vilaboa propón unha serie de obxectivos para a protección ambiental e o desenvolvemento sostible, que están en consonancia coas políticas, directrices e estratexias no marco de referencia ambiental e de Sustentabilidade europeo; así como dos instrumentos de planificación sectorial e as determinacións do documento de referencia.

A proposta de planeamento pretende corrixir as problemáticas ambientais e socioeconómicas detectadas e ordenar o territorio baixo criterios de sustentabilidade e de integración ambiental, propiciando unha mellora da calidade de vida e das oportunidades de desenvolvemento da poboación, con actuacións que potencien a chegada de turistas, que se fomente a creación e desenvolvemento de actividades empresariais, e que se condicione e establezan normas de protección do patrimonio natural, cultural e paisaxístico.

Preséntase un modelo de ordenación que parte, primeiramente, da súa situación estratéxica na Rexión urbana das Rías Baixas, entre as cidades de Vigo e Pontevedra, sen esquecer o seu carácter eminentemente rural, o que se ten que tomar como diferenciación territorial e por

tanto como posible factor de tracción positiva, nun territorio litoral cun sobresaite patrimonio natural e cultural.

O Plan que se elabora presenta un modelo territorial que potencia ao Toural como centralidade urbana, favorecendo a compacidade dos núcleos, cara evitar o crecemento difuso no concello.

O PXOM establece varios niveis básicos de obxectivos a conseguir, que serían os seguintes:

1. Obxectivos xerais da planificación urbanística. Estes serían os obxectivos xerais que a lei establece para a actividade urbanística. Dos que se destacan os seguintes:

- Garantir o dereito a gozar dun medio ambiente acaído para o desenvolvemento da persoa, así como o deber de utilizar racionalmente e conservar os recursos naturais e a paisaxe rural e urbana nun marco de desenvolvemento sostible do territorio.
- Facer posible a harmonización dos distintos dereitos sociais, fomentando a participación, a solidariedade colectiva e a integración, evitando a exclusión ou discriminación das persoas ou colectivos.
- Facer posible a satisfacción do dereito a dispoñer dunha vivenda digna e aquelada, regulando a utilización do solo, de acordo co interese xeral para impedir a especulación.
- Conseguir a harmonización entre os requirimentos e esixencias do desenvolvemento económico e social coa preservación e mellora do medio ambiente urbano e natural, asegurando a todos unha digna calidade de vida.

2. Obxectivos xerais do PXOM, aqueles que nacen da análise do concello e da súa contorna, entre os que poderíamos salientar:

- A procura da maior calidade de vida posible da poboación é un dos obxectivos prioritarios.
- Preservar os valores tradicionais, os sinais de identidade e a memoria histórica, fomentando a ordenación e mellora dos núcleos rurais, evitando a degradación e a perda das construcións tradicionais.
- Procurar ata onde humanamente sexa posible o mantemento da poboación no territorio, respectando a súa distribución descentralizada e xerárquica.
- Procurar que se manteña a multifuncionalidade e a superposición de usos do solo, ordenando harmonicamente as novas implantacións e corrixindo as disfuncionalidades que se aprecien, impulsando unha política de desenvolvemento territorial que favoreza unha ocupación equilibrada do territorio.
- Protección dos recursos e espazos naturais así como do patrimonio histórico-artístico, etnográfico e cultural, potenciando así os recursos turísticos.

- Ofrecer un documento normativo completo e doado de aplicar, así coma un sistema de xestión urbanística conforme coa capacidade económica e técnica do concello, utilizando ao máximo os mecanismos legais para a obtención das dotacións públicas e reparto de cargas e beneficios.
- Ofrecer un documento, que permita ordenar a expansión urbana e posibilite medidas de dispoñibilidade e abaratamento do solo, axustando o consumo de recursos ás necesidades de crecemento.

3. Obxectivos específicos das variables ambientais, que proveñen fundamentalmente das variables e criterios do Documento de Referencia.

4. Criterios específicos ambientais xerais, que se regulan na normativa e na lexislación xeral e sectorial, que se recollen de seguido:

- Garantir o mantemento dos recursos do solo: agropecuarios, forestais, augas e ríos, protección arqueolóxica, etc., evitando que a presión de uso sobre os recursos supere a súa capacidade de rexeneración.
- Garantir a protección dos hábitats e ecosistemas acuáticos e terrestres de maior fragilidade ou interese, dos espazos da rede galega de espazos protexidos mediante a protección estrita destes espazos e a súa posta en valor para previr o seu deterioro e atendendo as mais recentes propostas de ampliación destes espazos (Rede Natura) e a súa incidencia na ordenación territorial.
- Compatibilizar o planeamento co ciclo natural da auga e racionalizar o seu uso eficiente, fomentando o seu aforro e reutilización e mellorando a súa calidade mediante medidas específicas recollidas na Normativa.
- Garantir a protección dos cursos fluviais do concello, mediante un sistema de saneamento eficaz e sostible, que garanta a depuración das augas, eliminando tódolos vertidos ás canles existentes no concello.
- Manter unha boa calidade do aire e da atmosfera e evitar, prever e reducir tódalas formas de contaminación tanto acústica, luminosa como electromagnética e os seus efectos nocivos para a saúde humana e do medio ambiente mediante medidas específicas recollidas na Normativa.
- Facilitar a recarga natural do terreo nas novas zonas desenvolvemento urbanístico mediante medidas específicas recollidas na Normativa e nas fichas do ISA e do Documento de Xestión dos correspondentes ámbitos de planeamento.
- Fomentar o uso de enerxías limpas e renovables, así como a racionalización do uso destas e das emisións de gases, co fin de reducir o efecto invernadoiro e o cambio climático mediante medidas específicas recollidas na Normativa.

- Preservar a identidade dos elementos valiosos e singulares que resultan críticos na percepción do espazo e poñer en valor os recursos paisaxísticos como elemento clave do atractivo do territorio e do aprecio dos cidadáns polo seu contorno, á vez que se potencian os recursos turísticos do concello.
- Intentar que tódalas paisaxes teñan o grao máis alto de calidade, e a súa mellora na totalidade do concello multiplicando e normativizando a protección da paisaxe a tódolos niveis, mediante un amplo abano de medidas específicas recollidas na Normativa en función da localización espacial e as dependencias de contorno e de actividade propia de cada espazo do Concello.
- Protexer as formas do territorio e as preexistencias valiosas de todo tipo e limitar os cambios sobre a topografía ou nas condicións xeomorfolóxicas do territorio, sobre todo nas novas actuacións.

5. Criterios específicos ambientais máis detallados, para os que se elaboran propostas específicas no PXOM para a súa resolución, conformando as súas principais liñas estratéxicas, que se recollen de seguido:

- Garantir a conservación da biodiversidade, da paisaxe e do patrimonio natural do municipio, fomentando a conectividade biolóxica e tratando de integrar unha rede física continuada e conectada coas redes territoriais exteriores e coas de espazos libres urbanos mediante unha estratexia medioambiental específica con previsión de espazos e corredores que garanten esa funcionalidade.
- Definidos os modelos de crecemento e desenvolvemento residencial, controlar a tendencia á dispersión indiscriminada dos asentamentos, producido espontaneamente, de acordo cunha diseminada falta de orde, e preservar o resto do territorio fomentando o aforro de solo como ben limitado e como reserva para crecementos futuros.
- Control da ocupación dos espazos sometidos a condicións de risco de orixe natural, tecnolóxico ou inducido pola actividade humana que se sintetizan e identifican mediante un mapa de riscos, e o establecemento de medidas concretas para a súa prevención na Normativa.
- Fomentar a mobilidade sostible mediante a promoción do transporte público e outros sistemas de transporte alternativo e sustentable que permitan reducir as emisións de gases, como os roteiros peonís ao longo da rede hídrica dos núcleos principais ou ao longo do sistema de sendas litorais.
- Xestionar os residuos de maneira máis eficiente e fomentar a recollida selectiva de residuos e a súa reciclaxe, dispoñendo dos espazos, os recursos e a maquinaria precisos para acadar estes obxectivos.

- Garantir un sistema de abastecemento de auga eficaz e sostible, por medio do deseño e dimensionado dunha rede específica e adaptada a partir da racionalización das ocupacións do solo polos usos e actividades estritamente necesarias derivadas das necesidades futuras do concello en escenarios realistas.
- Garantir a protección dos hábitats e dos ecosistemas acuáticos e terrestres de maior fragilidade ou interese mediante a protección estrita destes espazos e a súa posta en valor para previr o seu deterioro.
- Preservar a identidade dos elementos valiosos e singulares que resultan críticos na percepción do espazo e poñer en valor os recursos paisaxísticos como elemento clave do atractivo do territorio e do aprecio dos cidadáns polo seu contorno, á vez que se potencian os recursos turísticos do municipio.
- Fomentar o uso de enerxías limpas e renovables, así como a racionalización do uso destas e da emisión de gases, mellorando a eficiencia enerxética das edificacións e promovendo a súa certificación enerxética, co fin de reducir o efecto invernadoiro e o cambio climático.

2.2.A Clasificación do solo no PXOM.

Como resultado das alegacións e dos informes sectoriais, a clasificación do solo para aprobación provisional tradúcese nas superficies que recolle o seguinte cadro:

1: clasificación do solo aprobación provisional

DETALLE DA CLASIFICACIÓN E CATEGORÍAS DO SOLO POR SUPERFICIES E PORCENTAXES		
SOLO URBANO	SUPERFICIE	% RESPECTO
CATEGORIA	Ha.	TOTAL
CONSOLIDADO	36,30	0,983%
NON CONSOLIDADO	3,13	0,085%
Total de SOLO URBANO	39,42	1,07%
SOLO DE NUCLEO RURAL	SUPERFICIE	% RESPECTO
CATEGORIA	Ha.	TOTAL
TRADICIONAL	294,02	7,964%
COMÚN	252,95	6,852%
Total de SOLO DE NUCLEO RURAL	546,97	14,82%
SOLO URBANIZABLE	SUPERFICIE	% RESPECTO
CATEGORIA	Ha.	TOTAL
DELIMITADO	36,49	0,988%
NON DELIMITADO	6,40	0,173%
Total de SOLO URBANIZABLE	42,88	1,16%
SOLO RÚSTICO ORDINARIO	SUPERFICIE	% RESPECTO
CATEGORIA	Ha.	TOTAL
ORDINARIO	22,06	0,597%
Total de SOLO RÚSTICO ORDINARIO	22,06	0,60%
SOLO RÚSTICO DE ESPECIAL PROTECCIÓN	SUPERFICIE	% RESPECTO
CATEGORIA	Ha.	TOTAL
AUGAS E CAUCES	5,23	0,142%
PATRIMONIO CULTURAL- AUGAS E CAUCES	1,89	0,051%
AGRARIO	311,48	8,437%
AGRARIO - AUGAS E CAUCES	117,12	3,173%
COSTAS	132,42	3,587%
COSTAS - AUGAS E CAUCES	11,36	0,308%
COSTAS - INFRAESTRUTURAS - AUGAS E CAUCES	4,05	0,110%
COSTAS - PATRIMONIO CULTURAL	0,06	0,002%
ESPAZOS NATURAIS	1.058,27	28,667%
ESPAZOS NATURAIS - AUGAS E CAUCES	102,39	2,774%
ENCLAVES NATURAIS - INFRAESTRUTURAS - AUGAS E CAUCES	1,47	0,040%
ENCLAVES NATURAIS - PATRIMONIO CULTURAL - AUGAS E CAUCES	0,01	0,000%
ESPAZOS NATURAIS - COSTAS	65,05	1,762%
ESPAZOS NATURAIS - COSTAS - AUGAS E CAUCES	2,09	0,057%
ENCLAVES NATURAIS - PATRIMONIO CULTURAL - COSTAS - AUGAS E CAUCES	0,09	0,002%
ENCLAVES NATURAIS - COSTAS - INFRAESTRUTURAS	1,34	0,036%
ENCLAVES NATURAIS - INFRAESTRUTURAS	10,10	0,274%
ENCLAVES NATURAIS - PATRIMONIO CULTURAL	2,07	0,056%
ENCLAVES NATURAIS -PAISAXÍSTICO	70,38	1,906%
ENCLAVES NATURAIS -PAISAXÍSTICO - AGUAS E CAUCES	1,00	0,027%
ENCLAVES NATURAIS -PAISAXÍSTICO - INFRAESTRUTURAS	0,20	0,005%
ENCLAVES NATURAIS -PAISAXÍSTICO - PATRIMONIO CULTURAL	0,33	0,009%
FORESTAL	640,31	17,345%
FORESTAL - AUGAS E CAUCES	106,77	2,892%
INFRAESTRUTURAS	243,46	6,595%
INFRAESTRUTURAS - AUGAS E CAUCES	29,61	0,802%
INFRAESTRUTURAS - COSTAS	34,88	0,945%
PATRIMONIO CULTURAL	9,60	0,260%
PAISAXÍSTICO	61,29	1,660%
PAISAXÍSTICO - COSTAS	5,41	0,147%
PAISAXÍSTICO - PATRIMONIO CULTURAL - COSTAS	1,28	0,035%
PAISAXÍSTICO - INFRAESTRUTURAS	1,41	0,038%
PAISAXÍSTICO - PATRIMONIO CULTURAL - INFRAESTRUTURAS	0,39	0,011%
PAISAXÍSTICO - PATRIMONIO CULTURAL	4,34	0,118%
Total de SOLO RÚSTICO DE ESPECIAL PROTECCIÓN	3.037,14	82,27%
SOLO RÚSTICO DE ESPECIAL PROTECCIÓN	SUPERFICIE	% RESPECTO
CATEGORIA	Ha.	TOTAL
SISTEMA XERAL DE PORTOS	3,17	0,086%
Total de SOLO RÚSTICO DE ESPECIAL PROTECCIÓN	3,17	0,09%
TOTAL DO TERMO MUNICIPAL	3.691,64	100,00%

Aumenta o solo urbano consolidado un 18,30 % na aprobación provisional respecto da aprobación inicial, debido na súa maioría a incorporación como tal do ámbito desenvolvido ao abeiro dunha modificación puntual das normas vixentes no período de tempo entre as dúas

fases. Outros pequenos axustes nos distintos solos urbanos e de menor entidade son motivados por axustes cartográficos e a estimación de determinadas alegacións presentadas a tal efecto. O solo urbano non consolidado mantense practicamente igual. A superficie dos urbanizables experimentou un importante descenso sobre todo no uso industrial, por varios motivos como a consideración do UDI_4 como urbano consolidado polas razóns explicadas anteriormente, a redución e mesmo eliminación dalgúns dos ámbitos non delimitados previstos na AI. En termos relativos reduciuse a superficie bruta nun 33.12%. Os solos de núcleo rural, pese ao número de alegacións presentadas non teñen experimentado un aumento significativo respecto da fase anterior 0.65% para o caso dos núcleos Históricos – Tradicionais e do 1.10 % respecto da fase anterior para o caso dos núcleos comúns. Todas estas cuestións quedan expostas con maior detalle nos seguintes cadros en que se detallan estas cuestións desagregadas por clase de solo.

- **Ampliación do solo urbano:**

Delimitanse para aprobación provisional 2 ámbitos igual que na aprobación inicial con lixeiras variacións na súa delimitación que obedece a correccións de carácter cartográfico.

No seguinte cadro reflectimos sinteticamente estas pequenas variacións.

2: Áreas desenvolvemento urbano non consolidado. Comparativa aprobación inicial/aprobación provisional

	Aprobación Inicial (2012)	Documento para aprobación Provisional (2015)	Diferencia AI/AP
Nome	Superficie (m ²)	Superficie (m ²)	Superficie (m ²)
APR-A1	22.982,28	23.046,15	63,87
APR-A2	8.301,52	8.416,07	114,55
			Diferencia: 178.42 m ²

- **Ampliación dos núcleos rurais:**

O Plan delimita 61 núcleos rurais no concello de Vilaboa. En xeral a maioría dos núcleos presentan variacións relativas a tramitación da fase de alegacións.

En total, o Plan delimita unha superficie de 546,97 Ha de núcleo rural que se divide en 294.02 Ha. en núcleo Histórico – tradicional e 252.95 en núcleo común.

Esta acción permite o crecemento dos núcleos, dun xeito ordenado, seguindo o viario preexistente, completando os espazos baleiros cumprindo sempre cos criterios da LOUGA (máxime os derivados da consolidación).

3 Solos núcleos rurais. Comparativa aprobación inicial/aprobación provisional

CLAVE núcleo	APROBACIÓN INICIAL		DOCUMENTO PARA APROBACIÓN PROVISIONAL	
	TRADICIONAL Superficie (m ²)	COMÚN Superficie (m ²)	TRADICIONAL Superficie (m ²)	COMÚN Superficie (m ²)
NR-01	24.175,20	118.721,92	25.683,46	119.249,69
NR-02	7.136,52	33.695,51	10.079,54	39.587,72
NR-03	11.232,77		11.081,15	
NR-04	11.756,02	18.866,46	11.649,36	19.199,86

CLAVE núcleo	APROBACIÓN INICIAL		DOCUMENTO PARA APROBACIÓN PROVISIONAL	
	TRADICIONAL Superficie (m ²)	COMÚN Superficie (m ²)	TRADICIONAL Superficie (m ²)	COMÚN Superficie (m ²)
NR-05	28.967,78	13.933,41	28.967,81	15.384,56
NR-06	21.780,83	40.153,25	23.423,25	41.377,20
NR-07	35.315,18	65.236,79	35.635,42	64.869,68
NR-08	13.570,24	22.769,01	14.097,57	22.799,69
NR-09	42.911,82	43.832,97	42.959,86	45.615,45
NR-10	6.617,02	3.681,92	7.695,27	4.889,77
NR-11	9.589,34		10.829,49	4.768,93
NR-12	20.862,11	32.323,28	25.131,18	30.367,32
NR-13	40.478,00	24.106,85	40.408,82	24.035,85
NR-14	47.973,55	63.708,02	48.194,94	65.545,78
NR-15	82.174,42	59.087,36	82.789,08	59.238,35
NR-16	29.403,80	18.689,77	29.611,78	19.430,26
NR-17	43.140,03	24.773,30	44.690,15	30.774,63
NR-18	16.021,25	11.709,65	15.943,14	12.014,56
NR-19	68.253,29	89.929,96	62.522,70	96.682,64
NR-20	31.781,26	21.808,26	32.687,56	24.933,08
NR-21	12.042,54	31.926,91	12.139,85	27.010,45
NR-22	27.120,18	20.077,98	24.740,23	24.119,16
NR-23	147.350,87	138.813,18	148.341,12	139.881,75
NR-24	35.998,24		36.550,76	
NR-25	61.210,14	13.695,42	64.424,17	14.341,41
NR-26	11.275,00		14.883,57	
NR-27	18.919,05		17.791,59	
NR-28	50.315,70		48.210,15	
NR-29	18.673,75	14.524,73	18.283,71	14.516,55
NR-30	40.853,13	16.777,44	40.171,69	14.448,36
NR-31		29.548,01		33.087,13
NR-32	18.740,23	30.559,92	24.823,77	31.245,01
NR-33	80.242,58		80.533,11	
NR-34	21.173,78		21.689,14	
NR-35	359.632,70	150.757,22	358.436,20	146.718,24
NR-36	58.357,52	110.457,92	44.117,45	132.937,33
NR-37	14.054,02	3.170,21	14.046,69	3.170,21
NR-38	26.245,05		25.599,39	
NR-40	22.289,86	81.610,50	22.779,04	96.875,51
NR-41	136.927,54	78.299,50	132.359,93	63.456,97
NR-42	6.717,81	22.640,96	7.411,64	25.490,79
NR-43	17.722,88	29.419,84	18.493,84	29.680,47
NR-44	18.312,14	19.281,58	19.300,42	18.877,73
NR-45	37.363,89	2.644,65	38.218,29	2.644,64
NR-46	12.965,01	43.453,80	13.000,08	44.791,90
NR-47	94.403,05	86.045,36	95.569,57	87.563,67
NR-48	60.236,62	30.059,51	60.240,55	43.565,05
NR-49	18.391,51	24.265,81	19.262,58	24.927,83
NR-50	49.820,03	23.239,39	48.101,22	23.542,87
NR-51	52.489,77	20.198,06	48.073,13	21.678,06
NR-52	47.295,14	17.075,93	52.505,49	17.870,02

CLAVE núcleo	APROBACIÓN INICIAL		DOCUMENTO PARA APROBACIÓN PROVISIONAL	
	TRADICIONAL Superficie (m ²)	COMÚN Superficie (m ²)	TRADICIONAL Superficie (m ²)	COMÚN Superficie (m ²)
NR-53	21.980,31	20.408,32	21.949,49	22.753,65
NR-54	133.553,74	92.517,50	134.614,05	99.435,39
NR-55	62.353,51	120.484,80	61.823,75	107.541,98
NR-56	59.497,66	129.075,54	61.343,80	132.327,83
NR-57	111.223,30	125.510,90	107.928,42	121.864,68
NR-58	167.147,98	137.910,19	167.494,03	137.853,11
NR-59	126.519,93	30.374,09	127.859,59	28.348,59
NR-60	28.345,36	7.422,68	28.229,26	7.398,37
NR-61	13.528,87	27.197,23	17.121,69	27.477,94
NR-62	26.656,98	33.857,78	37.638,81	21.315,17

- **Novos asentamentos:**

Solos urbanizables programados residenciais. Na aprobación inicial aparecían 5 solos urbanizables delimitados residenciais 135.621,15m², que se manteñen na aprobación provisional (135.836,04 m²) con pequenos axustes na delimitación por precisión cartográfica sen que supoñan un cambio sustancial na proposta orixinal.

En canto a reserva para a implantación de solo de carácter industrial, na aprobación inicial presentáronse 4 ámbitos urbanizables delimitados cunha superficie total de de 306.302,55 m² e 5 ámbitos de solo urbanizable non delimitado que suman unha superficie de 199.326,17m². Na aprobación provisional mantéñense unha importante reserva de solo para a implantación deste uso no concello se ben obsérvanse diferenzas sustanciais. Por un lado o UDI_4 da aprobación inicial, acadou o proceso de transformación a solo urbano de uso industrial ao levarse a cabo unha modificación puntual das normas de planeamento vixente e o seu posterior planeamento de desenvolvemento / execución cunha tramitación case en paralelo a deste documento de PXOM. Os demais solos urbanizables delimitados mantéñense con importantes axustes na súa delimitación (excluíndo zonas de reserva para corredores verdes/ecolóxicos) como é o caso do UDI_1 que pasou a estar conformados por varias delimitacións (ámbito multipolígono). En outras ocasións fundíronse as delimitacións como no caso do UDI_2 ao que se lle integrou unha parte do desaparecido como UNDI_5 para unha mellor adecuación das propostas a realidade. En resumo e en termos de cifras para os solos urbanizables delimitados industriais na aprobación provisional mantense unha reserva de 135.836,04m² mentres que se nos referimos as reservas de solo urbanizable non delimitado, estaríamos a falar dun único ámbito cunha superficie de 63.979,62 m². Na seguinte táboa resúmense estes cambios.

4: Comparativas Urbanizables -aprobación inicial /aprobación provisional-

	Aprobación Inicial (2012)	Documento para aprobación provisional (2015)	variación superficie (AI/AP)
	URBANIZABLE DELIMITADO	URBANIZABLE DELIMITADO	
Nome	Superficie (m ²)	Superficie (m ²)	Superficie (m ²)
API-01	Como UDI_4	42.600,13	
UDI_1	177.858,81	141.434,72	-36.424,09
UDI_2	26.226,54	39.489,41	13.262,88
UDI_3	59.617,21	48.109,85	-11.507,36
UDI_4	42.599,99	Como API-01	
UDR_1	34.790,08	35.283,04	492,96
UDR_2	21.301,75	19.658,72	-1.643,03
UDR_3	18.538,76	19.375,34	836,58
UDR_4	19.024,78	19.643,72	618,93
UDR_5	41.965,79	41.875,22	-90,56
UNDI_1	98.541,77	ELIMINADO	
UNDI_2	37.078,93	ELIMINADO	
UNDI_3	24.890,10	ELIMINADO	
UNDI_4	27.170,47	63.979,62	36.809,15
UNDI_5	11.644,90	ELIMINADO	

3. ANÁLISE DO PROCESO DE AVALIACIÓN.

3.1. Tramitación do procedemento ambiental.

O Plan Xeral de Ordenación Municipal de Vilaboa sométese ao procedemento de Avaliación Ambiental Estratéxica (AAE) conforme ao establecido na lexislación ambiental vixente que establece e regula o proceso de AAE, e en cumprimento do artigo 85 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

Así pois a cronoloxía dos documentos elaborados ata o momento para dar cumprimento a este trámite é a seguinte:

O Concello de Vilaboa como órgano promotor remite o 18/03/2008 a Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental o documento de inicio para dar comezo o procedemento de Avaliación Ambiental Estratéxica. Nese senso, con data 18 de marzo de 2008 e número de rexistro 6740, recíbese na Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible comunicación de inicio do procedemento de elaboración do PXOM, xunto cun documento inicial no que se recollen de xeito resumido os principais obxectivos e características do concello e do futuro PXOM.

Seguidamente, a Dirección Xeral de Desenvolvemento Sostible (DXDS), como órgano ambiental do procedemento de AAE, facilitou ó Consello Galego de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible (COGAMADS) e ó público en xeral, a través da dirección web: <http://aae.medioambiente.xunta.es>, o acceso ao Documento de Inicio para o seu exame . O órgano ambiental consultou, segundo o establecido no artigo 19 da lei 9/2006, aos órganos das Administracións Públicas afectadas e público interesado co obxecto de determinar o alcance e nivel de detalle do Informe de Sustentabilidade Ambiental. Non se teñen recibido respostas a través deste procedemento.

A Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible emite o primeiro Documento de Referencia establecendo as pautas que se deberán seguir para as especificacións ambientais do proxecto de PXOM.

Non obstante, a aprobación dunha modificación da Lei 9/2002 de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia que entra en vigor a través da aprobación da Lei 2/2010, do 25 de marzo, que a modifica, integra no procedemento de aprobación dos instrumentos de planeamento urbanístico a avaliación ambiental estratéxica. Segundo a súa disposición transitoria primeira, todos os plans en tramitación que non alcanzasen a aprobación inicial en data de 21 de abril de 2010, deben adaptarse plenamente.

Despois de ter emitido xa un primeiro documento de referencia en base ao Documento de Inicio, acórdase presentar unha addenda que complementa o documento de inicio orixinal e se poida continuar deste xeito a tramitación do PXOM. O concello de Vilaboa con data 1/07/2010 envía unha addenda ao Documento de Inicio entregado anteriormente ao órgano promotor, de xeito que se cumpren cos contidos esixibles ao anteproxecto de planeamento requirido para a fase da Avaliación Ambiental Estratéxica correspondente ao documento de Inicio.

En base a esta documentación, a Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental en data de 03/08/2010 emite o segundo Documento de referencia que agora si serve de base para a redacción do Informe de Sostibilidade Ambiental.

Seguindo as determinacións do Documento de Referencia, elaborouse o Informe de Sustentabilidade Ambiental que se incorporou ao PXOM na fase de aprobación inicial. O pleno municipal do Concello de Vilaboa, aprobou inicialmente o PXOM co Informe de Sustentabilidade Ambiental con data 28/12/2012. O anuncio da aprobación inicial do PXOM e do trámite de información pública publicouse no DOG nº 11 do día 16 de xaneiro de 2013 e nos periódicos Faro de Vigo e Diario de Pontevedra os días 17 e 18 de xaneiro de 2013, respectivamente, abre o trámite de información pública do PXOM e do ISA durante o prazo de dous meses.

Trala participación pública e consultas como resultado da posta a disposición das Administracións Públicas afectadas e do público interesado do PXOM e do ISA, o documento do Plan modifícase para integrar os resultados do proceso de participación pública e consultas, e en consecuencia o documento do PXOM para aprobación provisional presenta variacións, tanto nos textos como nos planos, sobre o documento que foi a aprobación inicial. E por, tanto o ISA que foi a aprobación inicial, presenta os datos e avalía o Plan previo á fase de consultas.

Nesta proposta de memoria ambiental introducimos as modificacións e a integración dos resultados do proceso de participación pública; así como as medidas preventivas e as medidas particulares -no caso de ser necesarias- que teñan que incorporarse en consecuencia dos cambios producidos no Plan dende a aprobación inicial ata a aprobación provisional.

4. ANÁLISE DO INFORME DE SUSTENTABILIDADE AMBIENTAL (ISA) E DA SÚA ADECUACIÓN AO PLAN.

Con data de 23/1/2013, a Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental recibe do Concello a documentación do PXOM, entre a que figura o ISA, solicitando a emisión do correspondente informe de calidade.

A SXCA emite o 22 de marzo de 2013 un informe co obxecto de avaliar o grao de adecuación da estrutura e contido do ISA do PXOM do Concello de Vilaboia ao establecido no DR, en consonancia co anexo 1 da Lei 9/2006, por tanto estes informes e documentos serven como referencia real do seu cumprimento (grafaranse en *cursiva* as citas literais a estes informes e documentos), logo dos cambios introducidos en función das aportacións e correccións realizadas polo equipo redactor a raíz da resolución do propio informe para adoptar criterios e solucións aos puntos para os que se definían deficiencias.

En xeral, o documento axústase aos contidos básicos que indica no DR, en base ao establecido no Anexo I da Lei 9/2006, do 28 de abril, sobre avaliación dos efectos de determinados plans e programas no ambiente. Aínda así, no apartado 2.2. do presente DR establécense unha serie de observacións sobre os contidos do ISA, así como da súa coherencia coa proposta de planeamento.

2.1. Estrutura

A estrutura do documento axústase formalmente ao establecido no apartado 6.1. do DR e segue unha orde lóxica para acadar os obxectivos que propón o procedemento de AAE.

2.2. Contido

En primeiro lugar, cómpre indicar que o ISA debe constituír un documento individualizado do Plan, incluíndo a información necesaria para coñecer a incidencia do planeamento sobre o territorio. Se ben parte da súa información pode corresponderse con datos analizados en máis detalle noutras partes do plan, o ISA deberá conter polo menos unha síntese da mesma, de xeito que a lectura única deste documento ofrezca unha idea xeral da proposta e da súa incidencia no medio. Neste caso, en cada un dos puntos do ISA deberá indicarse -segundo corresponda- o documento e o apartado concreto do Plan onde se atopa a información detallada.

Procédese a completar os apartados do ISA de xeito que este constiúa un documento íntegro con síntese dos distintos apartados que forman parte da documentación do PXOM. Non obstante, non parece práctico sinalar punto por punto a procedencia desta síntese respecto de ditos documentos xa que "burocratiza demasiado o ISA, dificulta a súa comprensión así como o seu manexo e actualización". En todo caso poderá entender neste senso, unha vez se chegue a aprobar definitivamente o documento de PXOM.

En relación á cartografía, o ISA inclúe un anexo cartográfico no que se botan en falta varios planos, como un específico sobre os valores naturais e ecolóxicos do Concello (considerando os espazos naturais protexidos, os elementos naturais ou xeolóxicos de interese, os hábitats de

interese comunitario, os refuxios ou enclaves de fauna ameazada a protexer, etc.), e un plano relativo á rede hidrográfica e á aptitude agronómica do solo no ámbito de planeamento.

Sobre a cartografía que presenta o documento de ISA, corríronse aqueles erros detectados e completáronse con planimetría referida a situación dos hábitats, dos valores naturais, da fragilidade visual da paisaxe (extrínseca e intrínseca), dos riscos naturais/tecnolóxicos, da zonificación acústica (escala axeitada), etc...

O apartado 6 da Memoria de Ordenación incorpora información cartográfica sobre varios aspectos que condicionan a planificación, como son os dereitos mineiros vixentes no ámbito (apartado 6.13) ou as servidumes aeronáuticas do Aeroporto de Vigo que afectan ao Concello (apartado 6.14). Así, de non dar traslado á información citada, deberá constar claramente no ISA a súa localización dentro da documentación do Plan.

Por outra banda, no apartado 6.17 achégase a información referente á zonificación en áreas acústicas do Concello, consonte o establecido no artigo 5 e Anexo V do Real Decreto 1367/2007 do 19 de outubro, polo que se desenvolve a Lei 37/2003, de 17 de novembro, do ruído, no referente a zonificación acústica, obxectivos de calidade e emisións acústicas. A este respecto, considérase máis adecuado incluír o plano de zonificación acústica dentro do Anexo cartográfico do ISA ou do Plan. No entanto, a escala de visualización do plano (1/30.000) non se corresponde co requirido no artigo 5, apartado 4, do Real Decreto 1367/2007, do 19 de outubro, segundo o cal "a zonificación acústica realizarase a escala mínima 1/5.000 ou ben por coordenadas xeográficas ou UTM de todos os vértices e realizarse nun formato xeocodificado de intercambio válido", Asemade, o estudo acústico debe completarse coa identificación e análise de todas as zonas de conflito xeradas entre áreas colindantes, de uso predominante diferente, e con obxectivos de calidade acústica que difiran en máis de 5 dB(A). Tamén se deberá diagnosticar a situación acústica das áreas urbanizadas existentes e valorar o impacto sonoro dos novos desenvolvementos sobre estas, a fin de garantir o cumprimento dos obxectivos de calidade acústica.

Elabórase unha serie cartográfica a unha escala de maior detalle (1:5.000) que se traslada como anexo cartográfico do documento do ISA (plano nº11 "Zonificación acústica"). En canto as zonas que presentan obxectivos de calidade acústica que difiran en máis de 5 dB(A), son analizadas no punto 3.1.8 do ISA e se suxiren medidas que permitan acadar as transicións necesarias dentro de cada unha das zonas para que deste modo se consigan ditos obxectivos.

A continuación, realízase unha análise máis en detalle do contido do ISA, incluíndo as observacións respecto ao nivel de detalle dalgúns apartados, en coherencia coas determinacións sinaladas no DR.

En relación á determinación do ámbito de influencia do planeamento

o apartado 1 do ISA inclúe o ámbito de influencia do planeamento, tanto a nivel de ordenación como das afeccións derivadas dela. Considérase axeitado o ámbito proposto para a análise das afeccións ambientais, que abrangue a Enseada de San Simón, a Ría de Vigo e os concellos limítrofes cos que comparte a Serra de Domaio, cabeceira dos cursos fluviais que drenan o Concello de Vilaboa. De tódolos xeitos, deberán identificarse dentro dese ámbito as

áreas definidas no Plan de ordenación do litoral (POL) como de protección ou mellora ambiental e paisaxística, así como os corredores ecolóxicos presentes no Concello.

Sobre o ámbito de influencia do PXOM do cal se dí que se considera axeitado, complétase información sobre as posibles afeccións en relación co POL e coas DOT.

No tocante a outro tipo de variables como a mobilidade, bótase en falta un enfoque máis amplo, de tal xeito que o ámbito de influencia da proposta se defina en relación á "Rexión Urbana das Rías Baixas Vigo -Pontevedra" que describen as Directrices de ordenación do territorio (DOT).

En canto a mobilidade, recóllense as determinacións das DOT como se indica.

En relación á análise obxectiva do ámbito do Plan e da súa contorna

Esta análise debe centrarse na problemática e condicionantes ambientais, económicos e sociais da situación previa e da súa evolución en ausencia de PXOM; considerándose como mínimo a situación actual, a relación cos plans e programas concorrentes e os elementos estratéxicos do territorio. Tendo en conta esta premisa, fanse as seguintes observacións:

Análise obxectiva da situación actual:

A nivel global, non se realiza un diagnóstico adecuado dos condicionantes ambientais e socioeconómicos existentes no Concello. A análise obxectiva da situación actual debe enfocarse como parte dun proceso dirixido a identificar os principais problemas ambientais no ámbito do Concello, así como os obxectivos e prioridades de cara a acadar un desenvolvemento sustentable. De tal xeito, os seus contidos deben ir máis alá dunha mera recompilación de información ambiental, centrándose nas variables que poden condicionar en maior medida a toma de decisións no deseño do Plan.

En relación aos apartados da análise das variables que inciden sobre a planificación abórdouse dun xeito máis completo facendo as correccións suxeridas como no caso da análise do ciclo hidrico que pasa a abordarse dende unha perspectiva máis ampla (calidade das augas – redes de servizos – riscos hidrolóxicos) ou no caso das variables ambientais xa que se recollen tamén as determinacións aportadas por Conservación da Natureza sobre aquelas variables de incidencia natural / ambiental.

En base a esa consideración, a análise do medio físico natural (punto 3.1.1. do ISA) resulta excesivamente descritivo e, nalgúns aspectos, a información que se achega moi incompleta. O apartado 3.1.1.5 ("As augas") supón unha breve descrición dos cursos fluviais que drenan o Concello de Vilaboa, pero non aborda a análise do ciclo hídrico no ámbito do Plan. Así -en base ás indicacións do DR e ao Informe emitido por Augas de Galicia- este apartado deberá integrar os seguintes aspectos:

- *Unha análise da rede hidrográfica en relación ao seu valor ecolóxico das súas ribeiras e á calidade das augas.*

Así se fai ao analizar as cartografías dispoñibles a través das distintas fontes de datos como o mapa de usos do solo do SIOSE, a valoración dos usos do solo feitas polo POL, a análise da cartografía dos corredores ecolóxicos, os inventarios de flora e fauna e hábitats do MAGRAMA, etc.. para sintentizar nunha proposta de clasificación do solo

que recolla do mellor xeito posible os valores ecolóxicos e naturais dos ríos e regatos do concello.

- *A identificación e representación cartográfica de áreas inundables dentro do Concello. O ISA non reflicte a existencia de áreas con risco potencial significativo de inundación (ARPSI), en base aos traballos de implantación da Directiva 2007/60/CE relativa á avaliación e xestión de riscos de inundación realizados por Augas de Galicia. En concreto, dentro dos límites do Concello de Vilaboa identifícanse dúas ARPSI: a ES014-PO-01-03-19, que abrangue o curso completo do pequeno Rego de Pausadas, e a ES014-PO-01-03-20, que se localiza no tramo medio do Río Maior, ou Rego da Vella.*

Igualmente complétase o apartado do Ciclo Hidrico coa información relativa as cuestións dos ARPSI's localizadas no concello de Vilaboa a través da documentación dispoñible na páxina de Augas de Galicia e se grafía neste apartado do ISA a relación da ordenación prevista coa $t=500$ asumindo gráficamente a condicionante do maior risco en canto as inundacións, sen que se poida referir un risco incompatible coa ordenación prevista.

- *Unha descrición dos servizos de abastecemento e saneamento de augas no Concello identificando, en cada caso, a orixe da auga coa que se abastece a poboación municipal e os puntos de vertido da rede. Este último aspecto desenvólvese en boa medida nos apartados 3.1. e 3.2. da Memoria informativa (dentro do documento "Modelo de asentamento poboacional. O sistema urbano relacional"), polo que se suxire indicar claramente a localización desta información no Plan.*

Procédese a facer mención a través dunha síntese das redes de servizos e do seu tratamento remitindo aos documentos máis completos da memoria informativa ou de ordenación para un maior detalle dos mesmos.

Pola súa parte, a análise do patrimonio natural (apartado 3.1.1.6.) resulta moi breve e pouco concreta, detectándose unha serie de cuestións relevantes que adoecen dun tratamento axeitado:

- *Bótase en falta a consideración dos espazos protexidos, corredores ecolóxicos e das áreas de mellora ambiental e paisaxística que identifica o POL no ámbito de planeamento, así como a súa representación cartográfica. Aínda que a Memoria do Plan inclúe un documento anexo que leva por título "Xustificación da adaptación ás directrices territoriais (DOT e POL)", nas variables 5 e 6 "Conservación do patrimonio natural" e "Fragmentación do territorio" non se teñen en conta estes espazos definidos no modelo de xestión do POL,*

Posto que se procede a integrar o documento de análise das DOT e do POL como anexo I do ISA, dáse a entender que se cumpre con esta condición quedando suficientemente clara a coherencia da proposta do PXOM con aqueles documentos.

- *Non se inclúe unha caracterización dos hábitats de interese comunitario identificados no "Atlas y manual de los hábitats españoles" do Ministerio de Agricultura, Alimentación y Medio Ambiente. Dita información deberá ser incorporada no ISA e na súa cartografía.*

Procédese a descargar do MAGRAMA e da información aportada pola D.X. de Conservación da Natureza, dita información, e tras o seu contraste coas propostas do PXOM, inclúense como anexo cartográfico do ISA e do propio documento do PXOM (escala de maior detalle)

- *A análise das comunidades de flora e fauna desenvólvese no Estudo do Medio Rural, sen que esta circunstancia se advirta no ISA. Unha vez revisada a documentación, conclúese que o inventario faunístico que se inclúe debe ser actualizado, ao tomar como fonte de datos o Atlas de Vertebrados de Galicia (1995) e os Censos invernales de aves acuáticas para os anos 1990 e 1991. A tal efecto, pode tomarse como referencia o banco de datos do Sistema de información territorial da biodiversidade (SITEB) ou o Inventario nacional de biodiversidade. Asemade, deberá revisarse a listaxe de especies protexidas consonte ao disposto no Decreto 88/2007, do 19 de abril, polo que se regula o Catálogo galego de especies ameazadas (modificado polo Decreto 167/2011). Tampouco se ten en conta que a Zonificación do Catálogo galego de especies ameazadas identifica un sector situado ao sur das parroquias de San Martín de Cobres e San Tomé como "Area de presenza" de morcegos cavernícolas, os cales están catalogados como "vulnerables" á alteración do seu hábitat. Asemade, deberá considerarse que os humidais do Concello inclúense na "Area de distribución potencial" da escribenta das canaveiras (*Emberiza schoeniclus lusitanica*), especie catalogada "en perigo de extinción".*

Procédese a incluír información e caracterización dos hábitat de interese comunitario identificados no "Atlas y manual de los hábitats españoles" do Ministerio de Agricultura, Alimentación y Medio Ambiente, aportando a conseguinte cartografía así como a actualización dos listados aos que fai mención este punto .

O ISA incorpora un Mapa de riscos -preceptivo segundo o artigo 15.2. do Real Decreto Legislativo 2/2008, do 20 de xuño, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Solo- no que se representan os riscos xeolóxicos, de incendio, de inundación e o risco de acción costeira. Este mapa deberá contemplar tamén os riscos de carácter tecnolóxico, debendo identificar e localizar as principais fontes de contaminación físico-química, acústica, luminosa e electromagnética no ámbito do planeamento.

Elabórase e complétase o apartado de riscos incluídos aqueles de carácter tecnolóxico seguindo a metodoloxía indicada e se complementa coa información cartográfica aportada neste senso.

O apartado 3.1.2. do ISA non expón os condicionantes do territorio respecto ao patrimonio cultural, así como as implicacións do paso do Camiño Xacobeo portugués polo sector oriental do Concello, aludindo unicamente ao Catálogo de bens patrimoniais que inclúe o PXOM.

Procédese a completar o apartado do patrimonio dun xeito sintético con mencións aos distintos eslementos culturais e a súa distribución no concello xunto con alusións directas ao Camiño Xacobeo Portugués ao seu paso polo concello de Vilaboa.

No tocante á análise do contexto socioeconómico do Concello (apartado 3.1.3. do ISA), unha eiva moi importante é que os datos nos que se fundamenta non están actualizados, sendo os máis recentes do ano 2005. Asemade, detéctase unha falta de coherencia entre os datos

estadísticos que presentan o Plan e o ISA, de tal xeito que semella que ambos documentos foron realizados independentemente, sen relación entre eles. Neste sentido, cómpre sinalar que a avaliación ambiental debe formar parte da toma de decisións que implica a elaboración da proposta, constituíndo o instrumento para garantir a integración da sustentabilidade do Plan. O ISA deberá xustificar axeitadamente as previsións de crecemento que estima o Plan en función da evolución demográfica do Concello nos últimos anos, así como da demanda de solo empresarial no ámbito de planeamento e a súa contorna.

O PXOM xustifica axeitadamente na Memoria de Ordenación as previsións de crecemento que estima o Plan en función da evolución demográfica do Concello nos últimos anos, así como da demanda de solo empresarial, todo elo amplamente detallado no apartado 4 da citada memoria .

A análise da contorna do ISA non aborda os aspectos relacionados coa ocupación do solo no Concello. Aínda que se achega un plano de usos do solo, a análise desta variable non acada o nivel de detalle que se especifica nos apartados 3.2. e 4 do DR. Oeste xeito, bótase en falta un diagnóstico da aptitude agronómica dos solos no ámbito do planeamento, coa fin de limitar a ocupación daqueles con maior capacidade produtiva, garantindo non só o seu valor agrícola senón tamén a súa función ambiental. Por outra banda, na Memoria de Ordenación achégase información relativa ás solicitudes e dereitos mineiros outorgados no ámbito do planeamento, así como ás servidumes aeronáuticas do Aeroporto de Vigo, indicando que a proposta prevé o cumprimento da súa normativa. Esta información debería integrarse no ISA, formando parte da análise das variables que condicionan o deseño do planeamento. En caso contrario, especificarase claramente a súa localización dentro da documentación do Plan.

En canto a variable ocupación do solo, procédese a completar a información e mesmo se avalía a capacidade produtiva do concello en base a documentación cartográfica das clases agrolóxicas. En canto aos dereitos mineiros actualízase a información tanto no contido do ISA como do PXOM en xeral cos datos aportados pola administración competente. En relación as afeccións do aeroporto de Vigo sobre o concello de Vilaboia en relación as servidumes aeronáuticas .dáse traslado ao ISA da correspondente documentación gráfica e dos criterios para a súa consideración.

O estudo da paisaxe (apartado 3.1.4. do ISA) parte da consideración das unidades que caracteriza o POL, a partir das cales se leva a cabo unha análise da fragilidade visual intrínseca e extrínseca (en base aos puntos de observación do POL). A metodoloxía e resultados desta análise considéranse correctos, aínda que -a fin de valorar a súa consideración na proposta de ordenación- as figuras referentes á fragilidade visual intrínseca e extrínseca do ámbito (nas páxinas 33 e 36 do ISA) deberían formar parte do seu anexo cartográfico, a unha escala de visualización adecuada.

Procedéuse a revisión desta cuestión aumentando a cartografía anexa ao documento do ISA incluíndo os planos suxeridos en relación a fragilidade visual da paisaxe.

A análise das infraestruturas e servizos actuais no Concello -que inclúe estudo da mobilidade- considérase correcta, aínda que podería completarse coa información aportada no Plan en canto á demanda actual e prevista, ás necesidades estimadas e a posibles solucións.

Procédese a revisar esta cuestión, considerando as novas infraestruturas proxectadas e a súa relación cos núcleos existentes ou os novos ámbitos propostos e a súa implantación territorial.

Plans e programas con interacción co Plan

Consonte ao indicado no punto 2.b. do DR, coa fin de garantir a coherencia da proposta cos instrumentos de planificación concorrentes , deberán identificarse todos aqueles instrumentos relacionados co Plan, debendo quedar xustificada a súa compatibilidade cos obxectivos, determinacións e criterios derivados destes.

O apartado 3.2. do ISA identifica o conxunto de Plans, Programas e Estratexias con incidencia no ámbito de planeamento, botándose en falta a mención aos seguintes instrumentos de planificación:

- *Planeamento dos Concellos limítrofes (Moaña, Marín e Pontevedra).*
- *Avaliación preliminar do risco de inundación (EPRI) e identificación das Areas con risco potencial significativo de inundación (ARPSIS) da Demarcación Hidrográfica Galicia-Costa.*
- *Plan de recuperación da escribenta das canaveiras (Emberiza schoeniclus subsp. lusitanica Steinbacher). En elaboración .*
- *Plan integral de conservación dos morcegos cavernícolas de Galicia (Rhinolophus euryale Blasius, Rhinolophus ferrumequinum (Schreber), Rhinolophus hipposideros (Bechstein) e Miniopterus schreibersil). En Elaboración.*

Deberán valorarse tamén os proxectos con incidencia que afectan ao ámbito do planeamento, como pode ser o Proxecto do Parque eólico Pedras Negras.

Procédese a actualizar os datos dos plans e programas que inciden sobre a planificación do concello de Vilaboa, actualización sobre os dereitos mineiros, servidumes aeronáuticas, etc... tamén se incorporan a referencia a planificación estratéxica de programas de recuperación de especies protexidas así como do proxecto sectorial do parque eólico de Pedras Negras e a problemática que presenta respecto da súa execución debido a confrontación social.

En relación á definición de obxectivos

O apartado 3.5. do ISA identifica axeitadamente os obxectivos xerais que persegue a proposta no tocante á planificación urbanística, así como os obxectivos específicos vinculados ás variables de sustentabilidade que se relacionan no DR.

Lémbrese que a proposta de planeamento se articulará tomando como referencia os obxectivos xerais, cuestión que se deberá xustificarse a través da análise de coherencia interna do ISA.

En relación á análise das alternativas

O apartado 4.1. do ISA describe a alternativa 0 e valora correctamente a evolución do medio "sen planeamento", deixando claro que esta opción resulta inviable por imperativo legal. A

descripción e cuantificación das Alternativas 1 e 2 realizase en función das variables ambientais que recolle o DR, considerando a súa evolución a longo prazo. Asemade, achégase cartografía específica das tres alternativas propostas.

Para a valoración das alternativas, no apartado 4.4. analízase o grao de implicación de cada unha delas de cara á consecución dos obxectivos e criterios de sustentabilidade que persegue o Plan, resultando escollida a Alternativa 2. Dita elección xustifícase en base a que esta propón unha planificación urbanística máis moderada, cun menor consumo de solo (17,26% clasificado como urbanizable ou de núcleo rural, fronte ao 21,42% da Alternativa 1), evitando a dispersión da urbanización, o illamento de sistemas naturais, e diminuindo os desprazamentos de mobilidade abrigada.

Conclúese, polo tanto, que a análise de alternativas presentado cumpre co esixido no DR.

Cuestións en relación á sustentabilidade da proposta seleccionada (Alternativa 2)

En relación á Alternativa 2, a opción escollida supón unha redución da edificación e do consumo de solo, así como a clasificación de máis superficie de protección ambiental ou paisaxística. Porén -unha vez analizado a proposta de planeamento- detéctanse aspectos que, a priori, non resultan coherentes cos criterios de sustentabilidade expostos no DR, boa parte dos cales se xustificaron no documento de resposta ao informe da Dirección Xeral de Sostibilidade e Paisaxe de 04.04.2011, que se achega no apartado 7.4. da Memoria de ordenación.

De tódolos xeitos, a proposta non considera que a oferta principal de solo industrial e comercial do PXOM (o ámbito UDI-1, con 17,74 ha) se sitúa sobre un amplo corredor ecolóxico caracterizado na zonificación do POL. Aínda que se contemplan medidas particulares sobre a hidroloxía e a paisaxe neste ámbito, estas se refiren unicamente a que a cesión de zonas verdes se sitúe nas ribeiras do Rego do Sidral, sen considerar a existencia doutro afluente que forma parte do corredor. Asemade, na planificación do sector, propónse unha vía de conexión entre a N-550 e a AP-9 atravesando o curso do citado rego. Polo tanto -en base ao establecido no punto 5.2.1. do Modelo de xestión do POL- o Plan deberá valorar correctamente a importancia para a conectividade ecolóxico do ámbito, establecendo unha delimitación do solo que garanta a súa funcionalidade.

En relación coa delimitación proposta do UDI_1 procedeuse a un axuste na súa delimitación excluindo as marxes inmediatas dos regos que atravesan o ámbito se ben se adscriben para que pasen a titularidade municipal. En todo caso a proxección dunha serie de vias de nova apertura neste ámbito, condicionarán tamén o resultado final deste espazo. De calquera xeito, indícase na súa ficha de planeamento a condición de preservar na medida do posible a conservación dos hábitats prioritarios detectados na zona.

En relación á identificación e caracterización dos efectos sobre o medio

O apartado 5 do ISA ("Identificación e caracterización dos efectos ambientais") realiza unha valoración das posibles afeccións sobre o medio en base a unha análise multicriterio, con técnicas SIX, para determinar a capacidade de acollida do territorio municipal. A metodoloxía empregada considérase correcta. aínda que -no tocante á aplicación dos criterios ambientais- cómpre lembrar que as deficiencias na caracterización do medio repercuten na calidade dos

resultados da análise. De tal xeito, como restricións de carácter ambiental, unicamente se valoran os espazos protexidos e os cursos fluviais (cunha franxa de protección de 25 m). A modo de exemplo, non se consideran -entre outros aspectos- os corredores ecolóxicos definidos no POL, as áreas con risco de asolagamento (ARPSI) ou os sectores sometidos a outro tipo de riscos (incendio forestal, riscos xeolóxicos,...). Este feito pode incidir na elevada capacidade de acollida global que presenta o Concello, co 97,45% do seu territorio en áreas de capacidade alta ou moi alta.

A partir desta análise previa, o impacto territorial da proposta identifícase superpoñendo os solos cualificados como urbanizados e urbanos non consolidados sobre o mapa de capacidade de acollida. Posteriormente, lévase a cabo unha valoración do efecto por unidade de actuación, é dicir, por ámbito en solo urbano non consolidado (SUNC) ou por sector en solo urbanizable, e se calcula a superficie para cada sector (desagregada por rango de capacidade de acollida), estimando como unidade de impacto o valor da media de superficie de cada categoría.

Posteriormente, no apartado 5.5., realízase unha valoración cualitativa e cuantitativa dos efectos das accións do Plan sobre as variables de sustentabilidade que recolle o DR. Os resultados acadados semellan, a priori, pouco representativos, especialmente na valoración de variables como o patrimonio cultural, o ciclo de materiais ou a mobilidade.

Polo tanto, considerando que a metodoloxía de identificación e cuantificación dos efectos sobre o medio é axeitada. deberán incorporarse á análise os factores e restricións territoriais sinalados, coa fin de realizar unha valoración máis realista das afeccións derivadas do desenvolvemento do Plan. Asemade, deberán revisarse os criterios de valoración dos efectos identificados, para acadar unha estimación axeitada da súa intensidade en cada un dos tipos de solo previstos no Plan.

En relación á identificación e caracterización dos efectos sobre o medio procédese a unha revisión da estimación e asignación dos pesos das variables consideradas se ben a valoración se fai en varios procesos dun lado máis territorial e doutro máis cualitativo complementado a súa vez coas fichas de impactos dos ámbitos onde se establecen tamén medidas particulares. En canto a capacidade de acollida, non é certo que o resultado da súa valoración obteña unhas cifras do 97.45 % para todo o concello, senón para os ámbitos valorados. A capacidade de acollida establece de partida cales son as zonas máis apropiadas para o desenvolvemento dun uso determinado sobre a cal se procede con posterioridade a delimitar os ámbitos (urbanizables na súa maioría).

En relación ao deseño de medidas

No apartado 6 do ISA establécense unha serie de medidas encamiñadas a previr, corrixir ou potenciar os efectos sobre o medio derivados da aplicación do PXOM.

Respecto ás medidas propostas, cómpre sinalar que o seu deseño depende dunha correcta análise de efectos que, á súa vez, require dunha boa caracterización dos condicionantes do medio. Polo tanto, antes de completar este epígrafe revisaranse a análise obxectiva da

contorna e a identificación de efectos ambientais en base ás observacións realizadas no presente documento.

Tal e como indica o DR, o ISA deberá contemplar medidas para todas as variables ambientais, destinadas á prevención, corrección ou compensación dos efectos negativos, ou á potenciación dos positivos. Bótase en falta, entre outras, o deseño de medidas para variables como o patrimonio cultural, a mobilidade, o consumo de solo, o ciclo de materiais ou a sociedade. Asemade, dentro da variable "medio natural" non se contemplan, entre outras, medidas específicas para a preservación da integridade funcional dos sistemas naturais (espazos incluídos en Rede Natura, corredores ecolóxicos, húmidais, hábitats prioritarios,...). Bótase en falta tamén a inclusión de medidas específicas para garantir a compatibilidade acústica dos usos previstos e os existentes, que serán incorporadas ás ordenanzas do Plan e ás fichas dos sectores propostos. Como exemplos destas medidas pódense considerar as seguintes: a creación de zonas verdes como zonas de transición, converter zonas de uso industrial en uso terciario próximas a zonas residenciais, emprazar as estancias mais sensibles das vivendas na fachada contraria a zonas de uso industrial, instalar pantallas acústicas, etc.

Cómpre indicar tamén que varias das medidas propostas deben adoptarse por imperativo legal, de tal xeito que non aportan un valor engadido de protección á variable afectada (p.ex. a realización dun "Estudo de Impacto e Integración Paisaxística" no desenvolvemento dos solos industriais ou nos urbanizables que se atopen a menos de 500 m da ribeira do mar).

En definitiva, tendo en conta o sinalado anteriormente, considérase que a proposta de medidas correctoras deberá completarse en base ás conclusións da nova identificación de efectos ambientais que se realice, e incluíndo medidas adicionais para todas as variables ambientais que define o DR.

Procédese a completar o apartado de deseño de medidas.

En relación ao plan de seguimento

O plan de seguimento descrito no apartado 7, incorpora todos os indicadores de sustentabilidade que figuran no DR. Porén, na redacción do plan de seguimento non se fai constar a participación do órgano ambiental nin se fixa a periodicidade para a toma de datos (anual) nin para a emisión dos informes de seguimento (xeralmente cada 4 ou 5 anos, en función do plan de etapas).

Procedese a introducir a participación do órgano ambiental, e se establece a periodicidade da emisión anual dos informes de seguimento.

En relación ao informe sobre a viabilidade económica da alternativa seleccionada

O apartado 8 do ISA expón o investimento total previsto para o PXOM do Concello de Vilaboia, tanto por parte das administracións públicas como da inversión privada, xustificando a viabilidade económica da proposta. Aínda que se indica que o presuposto presentado inclúe a valoración das medidas correctoras e do Plan de seguimento, non se desagrega o seu custo, circunstancia que deberá emendarse unha vez se complete a proposta de medidas de protección ambiental. Deberá achegarse unha estimación da porcentaxe orzamentaria que se destinará á adopción das medidas propostas e ao seguimento.

Asemade, tal e como indica o apartado 6.1.8. do DR, deberase incluír tamén unha valoración da viabilidade económica das alternativas rexeitadas, que non se achega no documento presentado.

Procedese a avaliar a viabilidade económica das alternativas das que se dispoñen de datos económicos (a 1 e a 2) e analízase en detalle (para cada actuación) o custo das medidas correctoras dirixidas a prever, minimizar ou paliar os efectos negativos.

En relación á análise de coherencia

No apartado 9 analízase a coherencia da proposta cos obxectivos e as variables estratéxicas do PXOM, e se establece tamén unha matriz de coherencia entre os obxectivos ambientais e as medidas que propón o Plan. A metodoloxía e os resultados da análise de coherencia interna (diagnóstico - obxectivo - propostas) considérase correcta, aínda que se deberán adaptar unha vez revisados os aspectos que se indican no presente Informe sobre a calidade do ISA.

Como Anexo á Memoria de ordenación achégase e un informe xustificativo da adaptación do Plan ás DOT e ao POL. No entanto, deberá incorporarse unha síntese do citado informe á análise de coherencia do ISA.

En relación con esta cuestión, optouse por dar traslado do documento referido a propia documentación do ISA como anexo I "Xustificación e adaptación das directrices do territorio (DOT – POL)"

En relación ao resumo non técnico

O resumo non técnico cumpre os requisitos que especifica o DR.

3. CONCLUSIÓNS

Sen prexuízo da análise en detalle que se levará a cabo na preceptiva Memoria ambiental (MA) por parte do órgano ambiental, considérase que o ISA do PXOM de Vilaboa non se axusta plenamente ao establecido no DR emitido, polo que deberá adecuarse e completarse coas observacións realizadas neste informe, as cales se xustificarán e integrarán dentro do ISA ou mediante a realización dun anexo a este.

En base a todos os cambios derivados deste e doutros informes, procédese ao axuste na valoración das táboas e matrices da análise de coherencia.

5.AVALIACIÓN DO RESULTADO DA FASE DE CONSULTAS.

5.1. Análise do procedemento de participación pública e consultas.

Dende que se inicia a redacción do PXOM de Vilaboa, o documento foi adaptándose aos diferentes cambios de normativa en materia de solo e as consideracións e determinacións das Administracións consultadas, ás consideracións e determinacións do órgano substantivo da Xunta de Galicia, e aos resultados da exposición pública. Polo tanto, o documento do PXOM que xunto co Informe de Sustentabilidade Ambiental sométese ao trámite de exposición pública é xa un documento moi elaborado.

Os informes e alegacións recollidas durante a fase de información pública determinan a introdución de modificacións no documento do PXOM elaborado para a súa aprobación provisional.

5.2.Exposición pública e tramitación da aprobación inicial.

Unha vez rematados os traballos da fase de Aprobación Inicial, o Equipo redactor fixo entrega no Concello da documentación integrante do documento definitivo, que foi aprobado polo Concello en pleno do día 28 de decembro de 2013 e sometido á exposición pública.

A publicación deste acordo e do periodo de exposición pública foi realizada no Diario Oficial de Galicia Nº 11 do día 16 de xaneiro de 2013 e nos periódicos Faro de Vigo e Diario de Pontevedra os días 17 e 18 de xaneiro de 2013, respectivamente.

A exposición ao público propiamente dita, realizouse, por un prazo de dous meses a contar dende o día seguinte ao da publicación dos citados anuncios, no edificio do concello.

A atención ao público para a realización das consultas pertinentes, foi atendida durante este período (e aínda despois) polos membros da Oficina Técnica do concello e dous días á semana por parte de membros do Equipo Redactor, nese mesmo lugar.

A partires do día 4 de decembro 2013, comezáronse a enviar copias do PXOM a diferentes organismos e entidades.

5.3.Análise dos resultados da participación pública dos alegantes privados ou asociacións privadas e integración dos resultados.

Imos a facer unha análise das alegacións presentadas, para estudar convenientemente o alcance do que se solicita, e do nivel de aceptación que a xuízo do equipo redactor, se podía acadar na presente entrega da documentación.

A participación pública no proceso de aprobación inicial foi salientable, e tense traducido a cantidade proporcional de 576 alegacións

Procedeuse a unha análise polo miúdo respecto das alegacións presentadas, para estudar convenientemente o alcance do que se solicita e a posibilidade de aceptar ou non as

propostas formuladas. A metodoloxía adoptada para ter controladas as alegacións e as modificacións sobre o PXOM que se puidesen derivar, consistiu no traslado a unha base de datos con reflexo espacial de cada unha das cuestións formuladas e o seu posterior tratamento clasificando cada unha destas cuestións como se indica no seguinte parágrafo.

En xeral a maioría das alegacións (arredor do 80 %) refírense a cambios na clasificación do solo para incluír en núcleo rural parcelas lindantes cos mesmos, e que figuraban clasificadas como solo rústico de especial protección. Outras cuestións recorrentes formuladas refírense a modificacións das aliñacións nas estradas e vías locais de comunicación (en torno ao 9 %), ou a temas relacionados cos elementos de catálogo incluídos no novo plan (2 %).

Por último tódalas alegacións foron valoradas polo equipo redactor, atendendo ao seguinte criterio:

- 1.-Estimadas, todas aquelas alegacións que teñen posibilidade de ser incorporadas ao plan .
- 2.-Desestimadas, todas aquelas alegacións que teñen difícil ou imposible a súa incorporación ao plan.
- 3.-Estimadas parcialmente, todas aquelas alegacións que só parte do exposto ten a posibilidade de ser incorporado ao plan.

No seguinte cadro resúmese a valoración feita polo equipo redactor das alegacións recibidas no concello de Vilaboa da que se deriva a integración dos resultados derivados da súa toma en consideración no PXOM:

TOTAL CONCELLO	IRRESOLUBLES	NON ESTIMADAS	ESTIMADAS PARCIALMENTE	ESTIMADAS	TOTAIS
ALEGACIÓNS		341	60	175	576
%		59.20%	10.42%	30.38%	100,00%

5.4. Análise dos resultados da participación pública das administracións públicas e integración dos resultados.

No seguinte cadro resúmese a valoración feita polo equipo redactor dos informes recibidos das distintas administracións públicas no concello de Vilaboa da que se deriva a integración dos resultados derivados da súa toma en consideración no PXOM:

ID	DESTINO	DATA	RESUMO OU TEMÁTICA	INTEGRACIÓN NO PLAN
3.1	Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente. D.G. Sostenibilidad de la Costa y del Mar	21/02/2013	Cambios na normativa e na planimetría	<p>En base a este informe realízanse as seguintes correccións ou aclaracións:</p> <p>Ao respecto da liña de ribeira e da súa representación, obsérvase que a consideración feita polo informe, pode deberse á coincidencia da súa traza, na maior parte da costa do concello, coa propia liña de dominio público marítimo-terrestre, predominando esta última. Revisouse a grafía co fin de aclarar este apartado.</p> <p>As follas que bota en falta este informe, pertencen á Serie O-3 realizada a escala 1:2.000, onde se representan só aquelas zonas clasificadas como solo urbano, solo de núcleo ou urbanizable, obviando aquelas nos que non aparecen ditos tipos de solo (solo rústico). Para poder ver representado o deslinde oficial completo, haberá que remitirse á Serie O-2 (escala 1:5.000) da documentación gráfica do Plan.</p> <p>Elimínase a liña paralela ao dominio público marítimo-terrestre, froito dun erro na grafía. Corríxese a delimitación e representación da zona portuaria de San Adrián.</p>
3.2	Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente. "Subdirección General de Dominio Público Marítimo-Terrestre", pertencente á "D. G.de Sostenibilidad de la Costa y del Mar"	06/05/2013	Cambios na normativa e na planimetría	<ul style="list-style-type: none"> - Revisase a liña de servidume de protección procedendo a recoller o ancho de 100 m. en todo o termo municipal de acordo coa O.M. de 21-10-1997 e coas NN.SS. de 1988. Tamén se grafía nos planos unha liña proposta de servidume de protección, motivo da solicitude de redución que se está a tramitar, por parte do concello, segundo a disposición transitoria primeira da Ley 2/2013, de 29 de maio, de protección e uso sostible do litoral. - Indícase expresamente nas fichas dos elementos catalogados que se localizan tanto en dominio público marítimo-terrestre como en servidume, que se estará ao establecido na Disposición Transitoria Cuarta da Ley de Costas. - En referencia aos apartados 7.3.3. e 7.3.4. da Normativa Urbanística, relativos aos plans especiais na zona litoral e portuaria respectivamente, o apartado 7.3.3 elimínase e no 7.3.4. (agora 7.3.2) recóllese a necesidade de ter en conta as determinacións citadas e a emisión de informe. - No relativo aos posibles tramos de fachada marítima cuxo tratamento homoxéneo se propoña obter renunciase a esta posibilidade por non darse nos núcleos costeiros as circunstancias da Disposición Transitoria Terceira 3. 2ª da Lei de Costas.

ID	DESTINO	DATA	RESUMO OU TEMATICA	INTEGRACIÓN NO PLAN
3.3	<p>Ministerio de Fomento.</p> <p>Demarcación de "Carreteras del Estado en Galicia".</p> <p>D.G. Carreteras.</p>	12/07/2013	Cambios na normativa e na planimetría	<p>Estradas de xestión directa N-550 e N-554:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Recóllese o Solo Rústico de Protección de Infraestruturas (RPIN) de forma clara nos planos do documento, conforme á normativa vixente de aplicación. - No caso das estradas N-550 e N-554 represéntase a liña límite de edificación a 25 metros, medidos horizontalmente desde a aresta exterior da calzada (independentemente da clasificación do solo), de acordo co artigo 25 da "Ley 25/1988, de 29 de xullo, de Carreteras". - Recóllese na Normativa que desde a liña límite de edificación queda prohibido calquera tipo de obra de construción, reconstrución ou ampliación, a excepción das que resulten imprescindibles para a conservación e mantemento das construcións existentes. Igualmente se recollen as previsión do artigo 86 do Regulamento General de Carreteras, sobre coincidencia de zonas. - Recóllese no PXOM o deber de cumprir tanto o preceptuado no Título III do Regulamento General de Carreteras (art. 101 e seguintes) como na O.M. de 16 de decembro de 1997, para apertura ou modificación dos accesos ás estradas de titularidade estatal. - No referente aos peches, engádese que os peches non diáfanos só se autorizaran exteriormente á liña límite da edificación imposta pola estrada estatal, e a reconstrución dos existentes farase como se fosen de nova construción, salvo para meras operacións de reparación e conservación. Establécese nas Ordenanzas que en ningún caso as portas situadas nos peches da fronte de parcela que dá a estrada abrirán cara a mesma, e que estas deberán recuarse de forma que os vehículos estacionados ate elas non invadan a calzada. - Inclúense as condición recollidas no artigo 94 do Regulamento General de Carreteras, para o outorgamento de autorizacións nas zonas de protección das estradas estatais. - No Informe de Sustentabilidade Económica aínda que xa se recollía esa aclaración a nivel xeral, inclúese a mención expresa de que os datos ou estimacións alí recollidos non son vinculantes para os Ministerios e organismos estatais, fóra dos casos en que estean debidamente aprobados mediante os acordos correspondentes. <p>Estradas de xestión indirecta, autoestrada AP-9:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Grafitase a liña límite de edificación a 50 m medidos horizontalmente desde a aresta exterior da calzada e tense en conta o artigo 86 do Regulamento Xeral de Carreteras. - Indícanse as delimitacións das zonas de protección da AP-9, incluíndo a zona de dominio público, a zona de servidume e a liña límite de edificación. - Indícase na Normativa que as redes de infraestruturas proxectadas no Plan non se establecerán na zona de dominio e que os vertidos deberán canalizarse de xeito independente da propia rede da AP-9. - Con respecto ás zonas de protección e a liña límite da edificación obsérvanse discrepancias entre a normativa estatal e autonómica que xa se recollen ou perfilan mellor na normativa e nas remisións a lexislación sectorial respectiva. - Considérase a reserva de solo necesaria para a futura ampliación do Enlace de Figueirido na AP-9. - Ademais, no Punto 8.8 (Condicións específicas de solo rústico de protección de infraestruturas -RPIN) da Normativa Urbanística refórzase a referencia á necesaria autorización deste Ministerio para a execución de obras no solo rústico fóra dos tramos urbanos. <p>Contaminación acústica:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Inclúense na normativa a necesidade de que para as novas construcións próximas ás estradas do Estado, existentes ou previstas, que, con carácter previo ó outorgamento de licencias de edificación, se leve a cabo os Estudos correspondentes de determinación dos niveis sonoros esperables, así como a obrigatoriedade de establecer limitacións a edificabilidade ou de dispor os medios de protección acústica imprescindibles en caso de superarse os límites recomendados, de acordo co establecido na normativa vixente (Lei 37/2003, de 17 de novembro, do Ruido, BOE 18.11.2003) e no seu caso, na normativa autonómica.

ID	DESTINO	DATA	RESUMO OU TEMATICA	INTEGRACIÓN NO PLAN
3.4	Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas. S.X. de Ordenación do Territorio e Urbanismo (Costas)	28/02/2013	Cambios na normativa e na planimetría	<p>A. Deslinde do dominio público marítimo-terrestre</p> <ul style="list-style-type: none"> - No tocante á correcta representación do deslinde e da ribeira do mar, estarase ao disposto pola D. G. de Sostenibilidade de la Costa y del Mar. <p>B. Normativa Urbanística</p> <ul style="list-style-type: none"> - Con carácter xeral admítense as correccións indicadas, aínda que axústanse aquelas cuestións que teñen cambiado o seu tratamento polas novas posibilidades que ofrece a modificación recente da Lei de Costas que (entre outras cuestións) permite en núcleos rurais procedementos que antes só se permitían ao solo urbano. <p>C. Planos</p> <ul style="list-style-type: none"> - Respecto ao solo urbanizable delimitado UDI-4 hai que lembrar que se trata dunha figura xa desenvolvida e que para a súa aprobación definitiva contou co informe favorable da Comisión Superior de Urbanismo de Galicia. - Na Memoria Xustificativa, no Apartado 6.12, xustifícase o cumprimento das disposicións recollidas no artigo 30 da Lei de Costas e 58 do seu Regulamento para os ámbitos de solo urbanizable delimitado na zona de influencia e nas correspondentes fichas recórdase da necesidade de xustificación dos citados artigos no seu desenvolvemento . - Revisouse a delimitación dos núcleos rurais localizados nos primeiros 200 m. desde a ribeira do mar en cumprimento dos criterios e definicións da LOUG na redacción dada pola lei 2/2010. - Cualifícanse os ámbitos portuarios como Sistema Xeral Portuario.
3.5	Consellería do Mar. Portos de Galicia	12/03/2013.	Cambios na normativa e na planimetría	<ul style="list-style-type: none"> - Cualifícanse os portos de San Adrián de Cobres e Santa Cristina como sistema xeral portuario. - Actualízase a cartografía dos portos, tanto nos planos de información como de ordenación e a delimitación da súa zona de servizo, aínda que a instalación de Santa Cristina non é definitiva. - Ao respecto da Normativa Urbanística de Plan Xeral admítense as correccións indicadas no artigo 4.9.8. da Normativa. - No referente ao catálogo do patrimonio cultural e arqueolóxico, A lonxa de praia Deilán (A_016), elimínase do Catálogo de Bens Culturais do PXOM. Ao respecto do Peirao de San Adrián (A_029), mantense como ben inventariado e a documentación oficial por parte do concello, que xustifica a súa catalogación é a propia ficha do elemento recollido no propio Catálogo do PXOM.
3.6	Ministerio de Fomento Autoridade Portuaria De Vigo	06/02/13.	Cambios na normativa e na planimetría	<ul style="list-style-type: none"> - As zonas de servizo do Porto de Vigo, califícanse como "Sistema Xeral Portuario". - Revisouse a Delimitación de Espazos e Usos Portuarios (DEUP), segundo a derradeira versión, e recolléronse no PXOM como Sistema Xeral Portuario.
3.7	Ministerio de Fomento. D.G. de Aviación Civil. S G de Transporte, S. G. de estado de Infraestruturas, Transporte y Vivienda.	01/04/2013	Cambios na normativa	<ul style="list-style-type: none"> - Inclúese na Normativa Urbanística do PXOM a normativa sectorial aplicable. - Modifícase a redacción do artigo 4.9.9 da Normativa Urbanística do PXOM para recoller correctamente a normativa sobre excepcións e autorizacións en materia de Servidumes Aeronáuticas - Incorporáanse como anexo a normativa a totalidade dos planos das Servidumes Aeronáuticas que afectan ao termo municipal que viñan anexados no informe da Dirección General de aviación civil. - Ao respecto das autorizacións en materia de Servidumes Aeronáuticas, inclúense na Normativa Urbanística do PXOM, a correspondente normativa aplicable.
3.8	Ministerio de Fomento D.G. de Ferrocarriles, da S. G. de Infraestruturas, pertencente á S E de infraestruturas, transporte y vivienda.	01/02/2013	Cambios na normativa e na planimetría	<ul style="list-style-type: none"> - Rotúlase nos planos do PXOM o Eixo Atlántico. - Defínese expresamente no PXOM as zonas de servidume establecidas para as infraestruturas ferroviarias na lexislación vixente das que dispoñemos de información e que poidan ter unha incidencia urbanística aos efectos do PXOM. - Fíxase no solo urbano e de núcleo rural a liña límite da edificación a unha distancia de 20 metros a cada lado da plataforma ferroviaria.

ID	DESTINO	DATA	RESUMO OU TEMÁTICA	INTEGRACIÓN NO PLAN
3.9	ADIF, Ministerio de Fomento.	19/02/2013	Cambios na normativa e na planimetría	<ul style="list-style-type: none"> - Téñense en conta as limitacións establecidas na zona de dominio, na zona de protección, así como o límite de edificación, sinaladas na Lei 39/2003 do Sector Ferroviario e o Real Decreto 2387/2004 de 30 de decembro. - Incorporárase ao Plan Xeral a Subestación Eléctrica de Tomeza, como parte integrante da liña do Eixo Atlántico Coruña-Vigo, e descártase o solo urbanizable non delimitado UNDI_1. - O nivel de protección dos dous elementos catalogados referidos no informe (a Estación do ferrocarril A-004 e a Ponte sobre o ferrocarril I-003) é compatible coa prestación do servizo ferroviario. - Recóllese na Normativa Urbanística do PXOM as consideracións feitas no informe ao respecto dos peches, das autorizacións para obras, instalacións ou actividades, ou das separatas de impacto por ruído e vibracións para os proxectos construtivos das edificacións.
3.10	Ministerio de Defensa D.G. Infraestructuras	09/10/2013	Cambios na normativa e na planimetría	<ul style="list-style-type: none"> - Recóllese no PXOM, tanto na súa parte normativa (apartados 1.3 e 4.8.12.9 da Normativa Urbanística do PXOM) como gráfica, a existencia da Zona de Seguridade da Base General Morillo, aprobada por orden Ministerial 2050/2009, de 15 de xullo, BOE 182.
3.11	Ministerio de Industria, Energía y Turismo. Subdirección General de redes y operadores de telecomunicaciones. D G de Telecomunicaciones y Tecnologías de la información. S de E de telecomunicaciones y para la sociedad de la información"	28/02/2013.	Cambios na normativa	<ul style="list-style-type: none"> - Con respecto ao contido deste informe realízanse na Normativa Urbanística do documento do PXOM ás modificacións indicadas nos apartados que non estaban aliñados coa lexislación vixente nos artigos 4.11.7 da Normativa e nos 10.v), 26 e 43 do Anexo Normativo: tramitación de licenzas e documentación, especialmente no relativo ao sinalado nos apartados do Informe citados: a) Dereito dos operadores á ocupación do dominio público e normativa aplicable. b) Uso compartido da propiedade pública ou privada.
3.12	Delegación Territorial de Pontevedra, Xefatura Territorial da Consellería de Economía e Industria (MINAS)	30/05/2013		<ul style="list-style-type: none"> - Neste informe certifícase a non existencia de dereitos mineiros que puideran afectar ao Plan Xeral dentro do termo municipal de Vilaboa.
3.13	Consellería do Medio Rural. S.X. do Medio Rural e Montes. Servizo de Montes de Pontevedra.	15/03/2013	Cambios na normativa e planimetría	<ul style="list-style-type: none"> - Revisase a Normativa Urbanística referentes aos solos de especial protección forestal e de espazos naturais eliminando os condicionantes conflitivos coa lexislación forestal que se citan nos artigos 8.4 e 8.7 - A respecto dos Montes do Morrazo, declarados como Espazos Naturais polas N.C.S. da provincia de Pontevedra elimínase a referencia as DOTG, incluíndo que o IPAI da CMATI sinalou a necesidade de protexer tamén e incluír nesta categoría de espazos naturais a este espazo e para compatibilizar as proteccións desta categoría coas actividades forestais inclúese o seguinte texto: - No espazo dos Montes do Morrazo (dado que non é un espazo natural declarado pola lexislación ambiental, pero foi incluído nesta categoría por indicación do IPAI xa citado), e dado que o seu uso é basicamente forestal de explotación, compatibilizaranse as proteccións desta categoría coas actividades forestais que se desenvolven nel, e sobre todo coa aplicación da lexislación forestal (segundo as indicacións do Informe sectorial do organismo que ten as competencias en materia forestal –neste intre a Consellería de Medio Rural-)

ID	DESTINO	DATA	RESUMO OU TEMATICA	INTEGRACIÓN NO PLAN
3.14	<p>Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas</p> <p>Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental.</p> <p>(Calidade do ISA)</p>	22/03/2013	Cambios no documento do ISA	<ul style="list-style-type: none"> - Sobre a cartografía que presenta o documento de ISA, corríxíronse aqueles erros detectados e completáronse con planimetría referida a situación dos hábitats, dos valores naturais, da fragilidade visual da paisaxe (extrínseca e intrínseca), dos riscos naturais/tecnolóxicos, da zonificación acústica (escala axeitada), etc... - En relación aos apartados da análise das variables que inciden sobre a planificación abórdase dun xeito máis completo facendo as correccións suxeridas como no caso da análise do ciclo hídrico que pasa a abordarse dende unha perspectiva máis ampla (calidade das augas – redes de servizos – riscos hidrolóxicos) ou no caso das variables ambientais xa que se recollen tamén as determinacións aportadas por Conservación da Natureza sobre aquelas variables de incidencia natural / ambiental. - Sobre o ámbito de influencia do PXOM do cal se dí que se considera axeitado, complétase información sobre as posibles afeccións en relación co POL e coas DOT. - En canto a mobilidade, recóllese as determinacións das DOT como se indica. - Procédese a incluír información e caracterización dos hábitat de interese comunitario identificados no "Atlas y manual de los hábitats españoles" do Ministerio de Agricultura, Alimentación y Medio Ambiente, aportando a conseguinte cartografía así como a actualización dos listados aos que fai mención este punto. - Elabórase un apartado de riscos que se complementa coa información cartográfica aportada neste senso. - Procédese a completar o apartado do patrimonio dun xeito máis sintético con alusións directas ao Camiño Xacobeo Portugués ao seu paso polo concello de Vilaboa. - En canto a variable ocupación do solo, procédese a completar a información e mesmo se avalía a capacidade produtiva do concello en base a documentación cartográfica das clases agrolóxicas. - Procédese a actualizar os datos dos plans e programas que inciden sobre a planificación do concello de Vilaboa, actualización sobre os dereitos mineiros, servidumes aeronáuticas, etc... tamén se incorporan a referencia a planificación estratéxica de programas de recuperación de especies protexidas así como do proxecto sectorial do parque eólico de Pedras Negras e a problemática que presenta respecto da súa execución debido a confrontación social. - Revisanse a análise das alternativas en base aos posibles cambios na ordenación derivados da aplicación dos informes sectoriais e das alegacións individuais. - En relación á identificación e caracterización dos efectos sobre o medio procédese a unha revisión da estimación e asignación dos pesos das variables consideradas se ben a valoración se fai en varios procesos dun lado máis territorial e doutro máis cualitativo complementado a súa vez coas fichas de impactos dos ámbitos onde se establecen tamén medidas particulares. En canto a capacidade de acollida, non é certo que o resultado da súa valoración obteña unhas cifras do 97.45 % para todo o concello, senón para os ámbitos valorados. A capacidade de acollida establece de partida cales son as zonas máis apropiadas para o desenvolvemento dun uso determinado sobre a cal se procede con posterioridade a delimitar os ámbitos (urbanizables na súa maioría). - Procédese a completar o apartado de deseño de medidas. - Trasládase ao documento do ISA como anexo a información sobre a coherencia coas DOT e o POL. - Procédese a avaliar a viabilidade económica das alternativas das que se dispoñen de datos económicos (a 1 e a 2) e analízase en detalle (para cada actuación) o custo das medidas correctoras dirixidas a prever, minimizar ou paliar os efectos negativos.

ID	DESTINO	DATA	RESUMO OU TEMATICA	INTEGRACIÓN NO PLAN
3.15	<p>Consellería de Medio Ambiente.</p> <p>D.X. de Conservación da Natureza, Territorio e Infraestruturas.</p>	23/05/2013	<p>Cambios na normativa e fichas de planeamento e fichas de catálogo</p>	<p>- Recóllese nos planos de ordenación a categoría de rústico de especial protección de enclaves naturais para a delimitación do LIC e ZEPVN "Enseada de San Simón", se ben a maioría do ámbito a protexer sitúase en dominio marítimo co cal so se clasifica a zona máis próxima ao borde litoral por ser o obxectivo a clasificar polo documento de PXOM.</p> <p>- Protéxense os cursos fluviais do concello e a súa vexetación de ribeira cunha clasificación de solo rústico de protección de augas e canles ata os 100 metros nos ríos de masa de auga segundo a información do PHGC e de 25 metros para aqueles ríos que teñen menor entidade e que non desenvolven especiais valores ambientais máis aló desta distancia. En ocasións esta protección pode estar superposta por outras que chegan a ser incluso máis restritivas como é o caso do val do Tomeza que se clasifica ademais como de enclaves naturais.</p> <p>- En canto a delimitación das zonas con hábitats prioritarios sitúanse na clasificación de solo rústico de acordo coas distintas categorías de solo e ou superposición delas. O único punto no que pode presentarse algún tipo de incidencia á hora de establecer unha correcta protección destes hábitats ten lugar na zona inmediata ao rego do Sidral. En todo caso, indícaranse nas fichas dos ámbitos de desenvolvemento esta circunstancia para evitar a destrución destes hábitats e evitar o seu illamento no contexto do territorio.</p> <p>- En calquera caso, ademais do plano do ISA onde se representan os hábitats tamén aparecen a cartografía dos hábitats no plano de información I-1-3_CUNCAS HIDROGRAFICAS E ZONAS DE PROTECCIÓN DO P.H.G.C. / HÁBITATS</p> <p>- En canto a protección dos humidais e dado que maiormente, a súa superficie sitúanse ou ben na zona marítima, intermareal ou próxima aos ríos e regatos asúmese que queda suficientemente garantida a súa protección coas categorías de solo rústico asignadas en todos os casos.</p> <p>- En relación coas especies protexidas sinaladas no plano adxunto, semella que nas determinacións do PXOM non se vulneren ou se contribúa a aumentar o risco de ditas especies xa que no caso da zonificación dos "morcegos cavernícolas" non se ten previsto ningún desenvolvemento urbanístico máis aló do completamento dos núcleos rurais existentes con criterios dun crecemento sostible, e coherente co territorio. En canto a zonificación da <i>Emberiza schoeniclus</i> ao ser ou seu ámbito de distribución todo o concello, deberase prestar especial atención nos futuros desenvolvementos a posible presenza e tomar medidas en consecuencia.</p>

ID	DESTINO	DATA	RESUMO OU TEMÁTICA	INTEGRACIÓN NO PLAN
3.16	Consellería de Medio Ambiente Territorio e Infraestruturas (Subdirección Xeral de Programación e Proxectos de Augas de Galicia).	31/07/2013	Cambios na normativa e planimetría	<ul style="list-style-type: none"> - Recóllese no PXOM a rede hidrográfica do concello, incluíndo aqueles ríos codificados no PHGC, e quedan reflectidos nos planos de ordenación do PXOM a delimitación técnica da zona de servidume (5 m.) e de policía (100 m.). - Recóllese como parte da documentación gráfica do PXOM, e se teñen en consideración para unha mellor ordenación, aquelas zonas que figuran no Rexistro de Zonas Protexidas do PHGC, aprobado por RD 1332/2012. - Recóllese expresamente na documentación do PXOM as Áreas con Risco Potencial Significativo de Inundación: Rego Chan da Goa (ES014-PO-01-03-20) e un regato innominado (ES014-PO-01-03-19). - No referente ao solo rústico de protección de canles, revisáronse as delimitacións das proteccións da rede hidrolóxica do concello sen reducir a protección daqueles ríos que son masa de auga. - Recóllese na Normativa do PXOM (artigo 12 do Anexo Normativo: tramitación de licenzas e documentación) que mentres as redes veciñais non contén con concesión administrativa de Augas de Galicia, non se poderán conceder novas licencias de construción. - Contéplase no PXOM o sistema de abastecemento previsto para a inclusión do concello de Vilaboa no Plan de Abastecemento a Pontevedra e a súa Ría. - Resólvense as contradicións referidas neste informe, ao respecto das dotacións de abastecemento, aplicando na normativa a remisión directa aos estándares de demandas por tipo de uso que a Confederación Hidrográfica establece no seu Plan Hidrolóxico. - No referente a evacuación de augas pluviais, recoméndase na Normativa Urbanística do PXOM (artigo 5.2.4) o uso das técnicas recollidas nas Instrucións Técnicas para Obras Hidráulicas de Galicia. - Incorporárase á lexislación aplicable en materia de augas: a Lei 9/2010 de Augas de Galicia e Plan Hidrolóxico Galicia Costa, aprobado por RD 1132/2012 de 14 de setembro. - Recóllese na Normativa Urbanística do PXOM (artigo 5.3.4) que calquera actuación en canles públicas, ríos, regatos, etc, así como nas súas respectivas zonas de servidume e policía, precisará autorización administrativa do organismo de conca e calquera planeamento derivado do PXOM que os poida afectar será tamén informado por este organismo.
3.17	Consellería do Medio Rural e do Mar da Xunta de Galicia. Axencia Galega de Desenvolvemento Rural.	28/10/2013		<ul style="list-style-type: none"> - Esta Axencia non xulgou oportuno emitir informe facultativo ao respecto do PXOM de Vilaboa.

ID	DESTINO	DATA	RESUMO OU TEMATICA	INTEGRACIÓN NO PLAN
3.18	Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria	14/11/2013	Cambios na normativa e fichas de planeamento e fichas de catálogo	<ul style="list-style-type: none"> - En resumo, foron atendidas e estimadas a práctica totalidade dos contidos do informe da DXPC, en especial aqueles aspectos referidos á Normativa de Protección (BICs.), do Camiño de Santiago e dos hórreos tradicionais existentes no termo municipal de Vilaboa. Tamén se incorporaron ás fichas de catálogo aquelas cuestións que o informe indicaba como necesarias: coordenadas UTM, fuso, clave do plano, novas fotografías dos bens, etc... - Así mesmo foron grafados, xeorreferenciados e fotografados cada un dos muíños hidráulicos tradicionais presentes en Vilaboa, sendo agora visibles nas fichas do catálogo do PXOM. Tamén se aclararon as dúbidas existentes en relación ás fincas singulares vinculadas a grandes arquitecturas: casas reitorais, etc... - Ademais respondéronse, de forma razoada, cada unha das alegacións particulares que se presentaron ao Catálogo do PXOM, centradas fundamentalmente na afección dos terreos situados nas proximidades do Camiño de Santiago. - Por último foron corrixidas as delimitacións de xacementos no sentido indicado no informe. Incorporáronse tamén todos os achados soltos existentes no termo municipal, novos xacementos non inventariados ata agora, así como os xacementos arqueolóxicos limítrofes con Vilaboa, situados nos concellos de Marín e Pontevedra fundamentalmente.
3.19	S.X. da Deputación de Pontevedra (Estradas)	07/06/2013	Cambios na planimetría	<ul style="list-style-type: none"> - Revisase a aliñación e a liña de edificación no ámbito das estradas provinciais no concello de Vilaboa. Porén, o Plan inclúe a determinación das liñas límites de edificación e ámbitos de servidume en concordancia coas indicadas na Lei 4/1994 de Estradas de Galicia.